

Recomendación dirixida ao Concello de Valdoviño a un expediente de responsabilidade patrimonial por un accidente no Concello de Valdoviño

Expediente: N.9.Q/2293/19

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don ██████████ referente a un expediente de responsabilidade patrimonial por un accidente no Concello de Valdoviño

ANTECEDENTES

No seu escrito, o Sr. ██████████ fai constar que o día 28 de xullo de 2018, tivo un accidente- con lesións, polo mal estado da beirarrúa sita en ██████████ no Concello de Valdoviño, achegado tamén copia da solicitude formulada ante a administración municipal de Valdoviño o 9 de agosto de 2018 , un esbozo do lugar do accidente e solicitando a intervención desta institución para coñecer o estado de tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial denunciado.

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu, facendo constar que:

“Debido a elevada carga de traballo existente neste Concello e a falta de persoal, os expedientes de responsabilidade patrimonial non se están a tramitar en vía administrativa, tendo a posibilidade o interesado de acudir ao Procedemento Contenciosos Administrativo, sendo asistido este Concello pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de A Coruña”.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1º.- Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio , así coma os procedementos relativos ao exercizo de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, si ben este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo , iste será de tres meses.

- O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruir e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo.

2º.- Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

3º.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Valdoviño a seguinte

RECOMENDACIÓN

Que se proceda á iniciación, tramitación e resolución do expediente de responsabilidade patrimonial polo accidente sufrido por don ██████████, nos prazos legalmente previstos, facilitando a oportuna información ao interesado”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo